



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español			
Código	V01G230V01954			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación á práctica da tradución de textos especializados relativos aos ámbitos científico e técnico na correspondente combinación lingüística.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C12	Posuír unha ampla cultura
C17	Capacidade de tomar decisións
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir a formación necesaria a fin de acometer actividades de tradución dentro dos ámbitos científico e técnico.	A1 A3	C1 C4 C8	D7 D9
Domínio de técnicas de tradución asistida/localización			
Domínio de técnicas de tradución asistida/localización			
Analizar os trazos gramaticais e léxicos máis comúns dos discursos científico e técnico en portugués e en español.	A2	C3 C12 C21	D8
Aprender a desenvolver actividades de xeito independente e en equipo de acordo coas pautas habituais no marco profesional.	A4	C5 C22	D15 D23
Empregar as ferramentas e as fontes pertinentes para levar a cabo tarefas de tradución nos ámbitos científico e técnico.	A5	C17 C26 C33	D12

Contidos

Tema	
Trazos esenciais da tradución científica e técnica.	Elementos gramaticais e léxicos. Elementos de natureza estilística.
Tipos textuais.	Propostas de clasificación. Paradigmas principais.
Aspectos relevantes das linguaxes científica e técnica no espazo lusófono.	Portugal. Brasil.
Ferramentas específicas da tradución científica e técnica de textos en lingua portuguesa.	Portugal. Brasil.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	22	42	64
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	44	66

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolución individualmente ou en grupo de exercicios, con orientación docente presencial.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución individualmente de exercicios, con orientación tutelada do docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemasRealización de dous traballos de tradución que reproducen as e/ou exercicios de forma características do labor profesional. autónoma	40	A2 C3 D8 A5 C5 D9 C8 D15 C17 C22 C26
Resolución de problemasRealización de actividades que reproducen as características do e/ou exercicios labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente. Efectuarase unha proba final relativa a esas mesmas actividades.	60	A1 C1 D7 A3 C4 D12 A4 C12 D23 C21 C33

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense dous sistemas de avaliación, o primeiro deles de natureza continua.

O sistema de avaliación de natureza continua baséase na realización de actividades, unha proba final relativa a estas e dous traballos de tradución. Por unha banda, as actividades e a proba final representan o 60% da nota global. A devandita proba final, que terá lugar na semana do 2 de maio de 2016, consiste en exercicios de pretradución e/ou tradución sobre textos abordados nas clases, sen posibilidade de utilizar por tal motivo material auxiliar. Por outra banda, os dous traballos de tradución, que terán lugar repectivamente nas semanas do 7 de marzo de 2016 e do 11 de abril de 2016, proporcionan un 40% da nota global.

O segundo sistema de avaliación, destinado ao alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua para a convocatoria de maio e a todo o alumnado para a convocatoria de xullo, é unha proba única de pretradución e/ou tradución referida aos contidos do programa, con posibilidade de utilizar exclusivamente materiais lexicográficos en formato papel. A data da proba da convocatoria de maio é na semana do 2 de maio de 2016, mentres que a data da convocatoria de xullo será fixada polo Decanato.

O alumnado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución e/ou na proba terá como consecuencia unha valoración global negativa.

Bibliografía. Fontes de información

- Academia das Ciéncias de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editorial Verbo,
- Amparo Alcina; Silvia Gamero, **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Castelló, Universitat Jaume I,
- Heloísa Gonçalves Barbosa, **Procedimentos técnicos da tradução (Uma nova proposta)**, São Paulo, Pontes Editora,
- M^a Teresa Cabré, **La terminología: representación y comunicación**, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra,
- Julio Casares, **Diccionario ideológico de la lengua española**, Madrid, Editorial Gredos,
- Fernando Cristóvão, **Dicionário temático da lusofonia**, Lisboa, Texto Editores,
- José Luiz de Lucca, **Dicionário Técnico Multilíngue: Inglês, Português, Francês, Italiano, Alemão, Espanhol**, São Paulo, Melhoramentos,
- Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro, Editora Objetiva,
- Real Academia Española, **Diccionario de la lengua española**, Barcelona, Espasa,
- Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,
- VV. AA., **Dicionário Mais da Ideia às Palavras**, Lisboa, Lisboa Editora,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Idioma moderno: Idioma 2, I: Português/V01G230V01108
- Idioma moderno: Idioma 2, II: Português/V01G230V01208
- Idioma 2, III: Português/V01G230V01308
- Idioma 2, IV: Português/V01G230V01408
- Tradución idioma 2, I: Português-Español/V01G230V01416
- Tradución Idioma 2, II: Português-Español/V01G230V01513
- Tradución idioma 2, III: Português-Español/V01G230V01616

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415
Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego/V01G230V01512
Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

Outros comentarios

Considérase básico cursar previamente con nota positiva todas as materias non optativas de Idioma II: Portugués e Tradución Idioma II: Portugués-Galego ou Portugués-Español.
